



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

## ANUNCIO MESA CONTRATACIÓN

Sesión da Mesa de data: 25 de maio de 2017

**ASUNTO:** *CONTRATO SERVIZO SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO E EXECUCIÓN PRESTACIÓNS RELATIVAS Á BANDEIRA AZUL, ANO 2017 (Con posibilidade de prórroga por un ano mutuo acordo entre o Concello e o adxudicataria.*

En data 25 de maio de 2017, quedou constituída a Mesa de Contratación en relación á contratación do servizo antedito, e na sesión deste día **ACORDOU:**

1º.- ADMITIR ás empresas que presentaron Declaración responsable e garantía provisional incluía no sobre "A" correctamente:

.- MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTES, S.L

.-SEFORGASA, S.L.

.- EULEN, S.A

2º.- Conforme ao punto 9.4.- do prego de cláusulas administrativas particulares polas que se rexe esta contratación, outorgar un prazo de subsanación non superior a **tres días hábiles** á empresa .- FESSGA.- FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA para que subsane as deficiencias da súa oferta coa:

.- Presentación de documentación orixinal ou copias compulsadas.

.- Acreditación debida da solvencia económica e financeira conforme se indica no prego de cláusulas particulares que rexen a contratación deste servizo; debendo presentar documentación orixinal, copias compulsadas o con código de verificación electrónico, referida aos 3 últimos anos.

.- Acreditación debida da solvencia técnica ou profesional conforme se indica no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación deste servizo, e tendo en conta para elo o persoal mínimo que se esixe que figura especificado no prego de prescricións técnicas, no seu punto 6.- Medios a achegar pola empresa adxudicataria, en



CONCELLO  
DE  
VALDOVIÑO

concreto no punto 6.1 Persoal; posto que na documentación presentada soio constan 4 titulacións.

No apartado 6.1 PERSOAL establece como número mínimo de socorristas un total de 19 (distribuídos por praias, ademáis un deles patrón de embarcación na Frouxeira e un deles patrón de embarcación en Pantín).

3º.- Dar conta do acordado pola Mesa mediante anuncio no perfil do contratante e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, que servirá coma notificación ás empresas participantes na licitación e coma información para xeral coñecemento.

Na convocatoria para este día estaba previsto celebración do acto público para dar conta do resultado da cualificación da documentación e para apertura das ofertas económicas (Sobre B) e lectura das mesmas, se ben se supeditaba este acto a que as empresas tivesen correcta e completa a documentación e que non se tivese que conceder prazo para subsanacións.

Visto que non se cumpriron os requisitos, senón que se outorga prazo de subsanación non se celebra o acto público.

Valdoviño, 26 de maio de 2017  
Presidente da Mesa,

Asdo: Alberto González Fernández